

■ SETEMBRO-OUTUBRO 2022

Revista Galega de Información Literaria - Ano 20 N.º 118


PVP 3 €

**O “Diluvio” de Tanxugueiras pon música ao outono**

**Novidades de Xavier Queipo, Lionel Rexes,  
Nazaret López e Vicente  
Araguas**

# Biblos

CLUBE DE LECTORES





## Moda, exposición e felicidade

Vimos dun tempo aínda recente en que a maioría non padeciamos ou sufriamos unha exposición pública que abranguese moito máis aló da nosa parroquia, un espazo ben controlado no que non era moi difícil atopar o noso lugar e xogar con certa tranquilidade o propio rol aínda que fose de disidente. Máis difícil era iso nunha vila, o espazo máis oprimente no que estar expostos ao xuízo alleo. Porque nas cidades grandes tiñamos de novo garantías de anonimato.

Agora a exposición pública, non sempre desexada, é universal e instantánea e tan determinante que ninguén a pode sentir allea. Non só porque calquera acción zopeta co exame de propios e estraños, senón porque esa tolería dinámica das tendencias chega a nós en forma de vestimentas que non atopan un canon minimamente duradeiro, de modas gastronómicas efémeras, mais tamén con convincentes tendencias de consumos básicos que nos manipulan por intereses que nos son alleos en terreos descoñecidos para nós e determinantes do noso futuro. Un exemplo? A lería que padecemos non hai tanto tempo para que nos sumásemos ao mercado regulado de electricidade e que hoxe representa tantas penalidades económicas para moitos de quen o fixeron. As consignas de consumo revestidas de falso ecoloxismo que en nada frean a devastación ambiental.

Exemplos sobran. En logo todos, a clave é non deixarse arrastrar polos cantos de serea, meditar a ritmos acougados que se adaptan á nosa experiencia e coñecementos, e superar a presión das modas, do que opina a masa, das tendencias que marcan famosillos e informativos. Liberarse e vivir a felicidade de ter un mundo propio, diferente, independente, co noso tempo e as nosas experiencias como marco e guía. Non é necesario dicir que xa está na tradición milenaria da escrita todo o que podemos precisar.

**Carmela González**

Directora



**Biblos**  
CLUBE DE LECTORES

**Biblos Clube de Lectores, S. L.**

Quintá N.º 8 - Mandaio  
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclubde.com

email: [subscritores@biblosclubde.com](mailto:subscritores@biblosclubde.com)

Depósito Legal: C 285-03  
ISSN: 1697-7440

### A Portada

Detalle de O carrexón, de Xoán G., icona da vendima e metáfora desa sorte de luscofusco previo ao comezo do outono. Mais tamén, símbolo do esforzo individual e ao tempo colectivo que nos toca facer nestas épocas de crise.



## Pintura, debate e libros

Este verán que camiña apresurado cara ao seu ocaso foi un tempo menos pródigo en actividades na librería Biblos, pero aínda así a nosa programación non se detivo. Comezamos o mes de xullo coa inauguración da exposición de Daniel Muñón "Aislados", integrada por doce cadros pintados con óleo, pastel e lapis sobre papel que falan dos espazos e persoas achegados ao autor e da observación do abandono como metáfora da soidade das persoas. O autor está a rematar o Máster de Gravado da Fundación CIEC en Betanzos. Desde moi novo amosou un gran interese pola arte. En 2011 mereceu o segundo premio no "III Concurso de Fotografía polos Dereitos Humanos" das Mariñas. Entre 2016 e 2018 cursou a carreira de Filoloxía Inglesa e Española e despois decidiu cambiar de rumbo para estudar Psicoloxía. A partir da súa formación como psicólogo comezou un proxecto para indagar en temas que suscitan gran preocupación a día de hoxe, como a soidade obxectiva e subxectiva, real e percibida, así como o seu impacto en persoas de idade avanzada. A mostra estivo aberta ata finais do mes de agosto.

Viaxamos no tempo ata a Idade Media coa nova edición da Feira Franca de Betanzos. As Xornadas Irmandinhas que promove cada ano a Asociación Lar de Unta nos días previos á celebración da Feira Franca Medieval de

Betanzos trouxeron ata a librería Biblos a María Xosé Lamas, autora da peza de teatro *Un corvo en Caldaloba*. Trátase dun texto que naceu dunha clara vontade de divulgación da historia; pensado para representar en centros escolares, de aí que teña unha duración estimada na escena de menos de sesenta minutos, e que agocha tamén un propósito reivindicativo que pon no punto de mira a necesidade de velar polo patrimonio da Terra Chá seguindo a senda da Plataforma pola Restauración da Fortaleza de Caldaloba. A obra está dedicada a Xosé Luís García Mato, persoa que inspirou á autora para poñer título á peza teatral e que ela converteu en narrador omnisciente dos feitos que acontecen nos últimos días de asedio á fortaleza ao remate do século XV, con Constanza de Castro, filla do mariscal Pardo de Cela, e o seu home, Fernán Ares de Saavedra, como protagonis-

### A web de Biblos medra en usuarios

Medra o número de persoas que se valen da web para facer os seus pedidos a Biblos Clube de Lectores. Se vostede é subscritor ou subscritora e aínda non se deu de alta na páxina non esqueza poñerse en contacto con nós para que lle facilitemos o enlace que lle permitirá acceder aos descontos no prezo dos libros e nos custos de envío.

tas principais. Esta peza dramática en tres actos tivo unha primeira edición non venal a cargo do Instituto de Estudos Chairegos e sae agora publicada por Medulia, con ilustracións de Sofía Naseiro -ideadas para amosar a vestimenta das personaxes- quen tamén estivo no acto en Biblos, canda Antón de Guizán, que fixo as veces de presentador das Xornadas Irmandinhas.

A librería Biblos foi tamén un espazo de reflexión sobre literatura e pensamento co obxectivo de propiciar os traballos de creación da dramaturga e directora teatral Vanesa Sotelo e do cineasta Andrés Sanjurjo, dous dos seleccionados nas primeiras Residencias artísticas de Mariñán dedicadas a literatura e pensamento. Os protagonistas mantiveron unha interesante conversa coa escritora, tradutora e crítica literaria Marga do Val ao longo da que esbozaron as ideas principais dos proxectos que desenvolveron na súa estadía no Pazo de Mariñán. No encontro participaron tamén os outros dous residentes da primeira das dúas quendas nas que se desenvolve este programa da Deputación da Coruña, o bibliotecario, filólogo e xestor cultural e asesor das políticas culturais da Deputación da Coruña Xavier Campos e os coordinadores das actividades vencelladas coas residencias.

O traballo de Vanesa Sotelo ten que ver cunha dramaturxia autobiográfica que explora o vínculo Galicia-Africa e o de Andrés Sanjurjo é un guiñón sobre o pacto económico para un cinema con intérpretes non profesionais.



# Xavier Queipo





Foto: Cé Tomé



## Algoritmos

Nestes *Algoritmos* non hai trama, senón unha variada galería de personaxes, lecturas e rememoracións, máis ben pretendidas intimidades intelectuais. "Non son uns dietarios –di a editora– nin tan sequera unha compilación, senón unha secuencia de ideas acoutadas entre 2011 e 2018". Felizmente inclasificábeis, como tantos outros textos de Xavier Queipo, reflicten dalgún xeito que son os propios algoritmos a ideoloxía dominante neste tempo de dúbidas e incertezas, que temos que apandar con eles, coñecelos e dominalos, mesmo para seguir exercendo o oficio de escribir. "Un exercicio de análise, de pensar fóra da norma, de expresar ideas e sentimentos con estas notas heteróclitas, aloucas ás veces e excesivamente racionais outras, para construír o meu relato", que diría Queipo.

Galaxia Rústica  
13,5 × 21 cm 170 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-915-7  
16,15 €

### TÍTULOS ANTERIORES DO AUTOR:

#### NARRATIVA

##### Final Feliz

Xerais Rústica  
15,5 × 23 cm 128 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-050-2  
16,10 €

##### Corazón de manteiga

Galaxia Rústica  
13,5 × 21 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-489-3  
16,53 €

##### Os kowa

Galaxia Rústica  
14,5 × 22 cm 304 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-681-7  
18,71 €

##### 55

Xerais Rústica  
14,5 × 22 cm 320 páxinas  
ISBN: 978-84-9914-698-0  
21,80 €

##### Extramunde

Xerais Cartonado  
14,5 × 22 cm 376 páxinas  
ISBN: 978-84-9914-301-9  
23,27 €

#### Ártico 2.0

Galaxia Rústica  
13,5 × 21 cm 164 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-369-4  
17,67 €

##### Dragona

Xerais Rústica  
14,6 × 22 cm 304 páxinas  
ISBN: 978-84-9782-490-3  
18,95 €

##### Papaventos

Xerais Rústica  
14,5 × 22 cm 200 páxinas  
ISBN: 978-84-8302-617-5  
18,52 €

#### XUVENIL

##### Saladina

Galaxia Rústica  
14 × 21 cm 100 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-024-2  
10,35 €

##### Os ciclos do bambú

Galaxia Rústica  
12,5 × 22 cm 128 páxinas  
ISBN: 978-84-8288-748-7  
11 €

#### POESÍA

##### Ramón Neto e Xavier Queipo

##### Minutos para medianoite

Galaxia Rústica  
12 × 22 cm 92 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-349-0  
13 €

#### ENSAIO

##### Cartas marcadas

Galaxia Rústica  
12,5 × 22 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-9865-269-7  
18,95 €

#### TRADUCIÓN

##### James Joyce

##### Ulises

Tradución de Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle.  
Galaxia Rústica  
15 × 22 cm 1002 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-796-2  
37,95 €

#### Lewis Carroll

##### Aventuras de Alicia no País das Marabillas

El Patito Cartonado  
15 × 21 cm  
ISBN: 978-84-938832-8-7  
20,90 €

#### Lewis Carroll

##### A través do espello e o que Alicia alí encontrou

El Patito Cartonado  
15 × 21 cm 288 páxinas  
ISBN: 978-84-947348-6-1  
20,90 €




# Lionel Rexes



## A montaña do poeta

É pouco coñecido o vínculo do escritor Antonio Noriega Varela, alcumado "O poeta da montaña", cunha vetusta construción situada no Alfoz do Castrodouro. Deste feito real parte unha ficción absolutamente contemporánea, unha trama que recrea o ocase dun rural onde a mocidade loita por atopar oco e onde os anciáns, acompañados dos seus cans, matan o tempo morto legando a bagaxe da vida. No medio desta existencia rutineira, un suceso con esencia ideolóxica sacode a dinámica do municipio.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-154-7  
16,63 €



XXVIII PREMIO  
MANUEL LUEIRO REY  
DE NOVELA CURTA

LIONEL REXES  
A MONTAÑA DO POETA

# Carmen P. G. Granxeiro



II PREMIO LITERARIO  
PINTO E MARAGOTA  
POLA DIVERSIDADE  
SEXUAL E DE XÉNERO



CARMEN P.G. GRANXEIRO  
ESTRANXEIRAS

## Estranxeiras

A condutora da Kawasaki negra chega a Santa Mariña de Augas Novas sen intención de ficar, inmersa nunha fuxida que a fixo abandonar Berlín ás prásas e levando consigo pouco máis que o portátil e unhas mudas. A menos de dous quilómetros, noutra punta da aldea, Maruxa recibe a súa neta Mara e a crianza desta que, coa intención de pasar o verán na casa familiar, descargan algunhas maletas e non esquecen o libro das fadas. Arredor da oposición veciñal a un proxecto urbanístico preto do río, un amplo elenco de personaxes vese fiado por un rural que se debate entre a desaparición e a renacemento. Carmen P.G. Granxeiro constrúe en *Estranxeiras* un relato de esperanza no cal a realidade queer, as transicións e a historia colectiva conviven nun podcast, en múltiples vidas e nalgúns mortos.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 200 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-155-4  
16,63 €

## Raúl M. Santos Cornucopia




XXXIII PREMIO  
TORRENTE  
BALLESTER 2021

O xurado do Premio Torrente Ballester 2021 destacou que "é unha parodia moi ben construída, e cargada de ironía, sobre o papel do escritor e a literatura". Salientou que "se apoia sobre unha estrutura fragmentaria na liña da literatura posmoderna, pero sen perder nunca o fio nin o ritmo; cunha narrativa moi fluída e con vocación de establecer unha complicidade coa persoa lectora, pero sen por iso ser compracente".

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 186 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-897-6  
17,10 €


## Charo Pita Retratos en branco e negro



Conxunto de relatos, centrados sobre todo en protagonistas femininas, polos que transitan almas que vagan, botellas con mensaxe que someten o tempo, unha veciña que vivía ás gargalladas..., retratos fantasmais nos que o extraordinario e o cotián van da man para construíren realidade que acaban apuntando á nosa. "Contos breves que xogan a sorprendernos e facernos imaxinar outras realidade", asegura Mario Regueira, en *Sermos*

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 98 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-852-5  
13 €

## Francisco Rozados "Rochi" Niscoventa





PREMIO XX CERTAME DE  
RELATOS DE AVENTURAS  
"ANTÓN AVILÉS DE  
TARAMANCOS"

Canto tripo: aos canteiros e o Verbo –ese latín hoxe perdido–, á resistencia antifranquista que se botou ao monte en defensa da liberdade e á propia montaña como espazo natural e mítico no que aqueles homes e mulleres porfiaron na loita contra a Ditadura, sabéndose perdedores e querendo para si ese sentimento de perda antes ca o dun sentimento de triunfo equivocado. Un vello canteiro lembra aqueles anos relendo o seu diario.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 82 páxinas  
ISBN: 978-84-124910-8-1  
13 €



## Nazaret López



Á VENDA EN  
OUTUBRO

## Pecados veniais



Como eles dunha mesma cadea, as mulleres que transitan por *Pecados veniais* teñen en común a circunstancia de que nun intre da súa vida algo as leva a tomar decisións, a adoptar condutas, a converterse en protagonistas de sucesos que xamais imaxinaron representar. Os abusos a menores, o acoso no traballo, a precariedade laboral, o dereito a ter unha vivenda, a decidir ser ou non nai e a elixir profesión por riba do xénero son asuntos que pairan tamén sobre esta historia que retrata a sociedade hostil en que vivimos e que fai aínda máis vulnerables as mulleres.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-176-9

17,05 €

## Alba Guzmán



PREMIO XUVENTUDE  
CREA DE NOVELA  
CURTA 2021

Á VENDA EN  
OUTUBRO

## Xoaniña de Deus


Narrada a dúas voces, é a historia da vida dunha muller diagnosticada de alzhéimer que necesita seguir viva. Xoaniña estase esquecendo da súa vida, de feito nin tan sequera lembra o seu nome ou a idade que ten. Ao redor dela tan só xira a soidade, o medo e uns invisibles fios que a manteñen atada á realidade. Unhas desconcertantes tatuaxes gravadas na pel e un vello diario con tapas de coiro negro son o facho que alumea os seus pasos, as pegadas que lle permiten regresar ao pasado para recorrer un tortuoso camiño ata chegar a un inesperado final.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-1110-170-7

14,50 €

## Javier Fraiz



## Morte no espello

Unha morte crea o conflito, outra resólveo. Hai vidas moi afastadas que se conectan nos seus finais. Un cadáver no lugar e na situación máis insospeitados. A demostración de que as aparencias, que constrúen os prexuízos, son fráxiles. O poder concibido como un exercicio de impunidad. A falsa moral, a dobre vida. O sexo, en ocasións, é só unha transacción que vincula mundos distanciados. A culpa é o maior medo dunha autoridade que vive e fai gala da exemplaridade. A vocación dos bos policías, os atrancos do xornalismo.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-9151-898-3

19,71 €



PREMIO ASUBÍ DA  
FUNDACIÓN MARÍA  
JOSÉ JOVE E HÉRCULES

Ginés Cruz


## Palabras de pedra

É a historia dunha decisión. O protagonista é un home con autismo de alto rendemento que decide facer unha viaxe acompañado do seu fillo Guille, autista moito máis afectado, o que suporá para el ter que tomar decisións en solitario, renunciando á seguridade de quen sempre estiveran pendentes del (pais, irmáns, exesposa). O relato está narrado en primeira persoa, o que obriga a mirar tanto o contorno coma o resto de personaxes a través da pupila dun home con autismo: literalidade na linguaxe, problemas de socialización ou nivel baixo de empatía. Ao tempo, tamén invita a entender que o mundo pode ser visto e vivido doutras maneiras igualmente enriquecedoras.

Hércules Rústica  
14 x 21 cm 180 páxinas

ISBN: 978-84-18966-45-3

16,15 €



Ramón D. Veiga


## Zoom

Ramón D. Veiga pídelles a dez fotografías e fotografías galegas (algún só afeccionado á fotografía) que lle envían unha imaxe da súa autoría. O obxectivo é argallar unha historia para cada unha delas, achegar unha ollada diferente, unha interpretación persoal sobre a obra desas creadoras e creadores (cinco mulleres e cinco homes). O resultado é este libro de relatos en que a retransmisión e o humor se mesturan de xeito natural coa dor, coa morte e co drama de vivir. Fotografías de Tamara de la Fuente, Pablo Rivas Caride, Lucía García Rey, Susana Estévez, Javier Fernández Pérez de Lis, Paula Gómez del Valle, Marta Moreiras, Ángel Tourón, Iván Nespereira e Hugo Aldatz Alonso.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-104-2

16,10 €



VV AA

## Fisterra


Relato curto en Galicia

Un libro coral, un encontro virtual, tecido en tempo de pandemia, dende onde Galicia mira o mundo. Corenta textos inéditos feitos para esta edición por escritoras e escritores senlleiros da literatura galega actual, nos que destacan a súa variada temática, os distintos rexistros empregados e a súa vontade de estilo. As voces masculinas e as femininas irrompen con forza nesta obra amosando un panorama sólido na literatura galega.

Linto Rústica  
14 x 22 cm 472 páxinas

ISBN: 978-84-123801-4-9

20,90 €



Manuel Romero Mengotti

## Oviedo, el cronista

Gonzalo Fernández de Oviedo y Valdés naceu en Madrid en 1478. Entrou ao servizo do duque de Villahermosa e máis tarde ao do príncipe Juan. Presenciou a toma de Granada e o atentado contra o rei Fernando en Barcelona, onde asistía á recepción de Colón e convivió co seu fillo Diego. Escribiu numerosos libros, pero é coñecido mundialmente pola súa *Historia general y natural de las indias, islas y tierra firme del mar océano*. Carlos V nomeouno cronista oficial do reino. A súa *Historia* traducíuse a varios idiomas. En castelán.

Medulia Rústica  
15 x 23 cm 322 páxinas


ISBN: 978-84-19438-07-2

18,90 €

# Rafael Catoira



Foto: Distrito Xermar



## O peso da memoria


Na España dos anos finais da ditadura franquista e da Transición democrática, coa aparición de novas clases sociais e económicas xurdidas por mor da emerxente situación política, un profesor comparte confidencias cun inspector de policía, ámbolos dous xubilados. O policía transmite ao seu interlocutor a súa teima recorrente: o asasinato dunha rapaza, nun caso que puido resolver, mais sen consecuencias para os asasinados, amparados polos privilexios da caste á que pertencían.

Toxosoutos Rústica 15 x 20 cm 264 páxinas  
ISBN: 978-84-125393-6-3  
15,20 €

# Óscar Reboiras



Foto: Xoán Antón Castro




## A agonía das folerpas

A aldea de Salgueiro leva décadas abandonada. A súa propietaria, a Xunta de Galicia, decide convertela nun complexo turístico. En pleno Parque Natural do Xurés, e afastada de todo, é o enclave ideal para descansar. Ou para que un asasino en serie enterre as súas vítimas. Unha noviña xornalista chega por casualidade ao lugar. O que en principio é un achado arqueolóxico, convértese nun suceso que revoluciona a actualidade informativa. *A agonía das folerpas* xunta todos estes ingredientes e, sobre todo, as vidas dos seus protagonistas. Tres seres solitarios que buscan, cada un ao seu xeito, evadirse dunha existencia baleira. Tres persoas que non semellan encaixar e que, non obstante, acaban formando equipo co obxectivo de descubrir que esconden as mortes de Salgueiro. Primeira novela do autor.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 415 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-920-1  
21,28 €

# Vicente Araguas



## O lugar onde vou

Libro de relatos que ten a peculiaridade de presentar variantes sobre unha realidade posible e outra máis que improbable. Desta maneira, fala de medo, e de bares onde, ao non pasar nada, pasa de todo; de casas grandes que ven, sen poder facer nada, como as mulleres se descolgan dos cadros; de parellas desapareces en idade que falan de raíñas consumidoras compulsivas de arroz con leite. Araguas bota a andar unha pluma que ten cousas de corazón tan desbocado como o dos cómplices dunha editora "indie" desbordados pola chea de libros de poemas que reciben, ou da estatua inca que vinga o seu posuidor dos arrebatos celosos da súa amada. Un festival de maneiras de querer, de ir mirando como a vida acontece, de realismos extracorpóreos e de corpos que liscan alén da realidade.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-909-6  
15,86 €


## Narciso Luaces Pardo

### O carreiro

#### Memorias do tío Santos

Biografía dun carpinteiro de carros do país nas terras de Ortigueira. Da man de Narciso Luaces (Meixido, Ortigueira, 1929-Viveiro, 2020) esta obra viaxa no tempo ao último cuarto do século XIX e percorre a Galicia das reivindicacións agraristas. Co poder suxestivo da palabra, o autor recupera a súa infancia, participa na sega e na malla, xoga libre polas corredoiras, amosa un mundo de ilusións nas feiras. Con menos de vinte anos pasou a desempeñar un labor activo nas Sociedades Agrarias. De formación autodidacta, colaborou no semanario La Voz de Ortigueira, así como noutras publicacións da comarca ortigueirasa, e foi un dos fundadores de Edicións O Paporroibo. O seu altruísmo fixoo participar en varias asociacións culturais. En 1999 abriu ao público o Museo Etnográfico de Meixido, que reúne centenaes de pezas recollidas por el mesmo, restauradas e catalogadas.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-902-7  
15,50 €



PREMIO TORRENTE  
BALLESTER 1992


## Víctor Freixanes

### A Cidade dos Césares

Edición corrixida e revisada dun dos grandes textos da literatura galega contemporánea. Entre 1776 e 1783 arredor de cincocentas familias de Galicia, Asturias e a Maragatería embarcaron na cidade da Coruña para ir poboar terras ao sur da provincia de Buenos Aires, o que os historiadores coñecen como a Expedición das Familias. Alí crearon varios asentamentos, dos que unicamente sobrevive Nosa Señora do Carme de Patagones, na boca do río Negro. O conde de Floridablanca e os ministros de Carlos III deseñaron a ocupación para evitar que o inglés se establecese naquelas latitudes. Cen anos despois, en 1885, o piloto de Noia Basilio Vilariño evoca aquelas xornadas dialogando co gaiteiro Chinto de Muras mentres o exército argentino entra na antiga aldea de colonos, despois de vencer na montaña a derradeira resistencia das tribos indíxenas. Diálogo entre defuntos, apenas sombras no medio do lamazal.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 426 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-914-0  
21,85 €






## Walter Benjamin Diario de Moscova

Narra a estancia de Walter Benjamin en Moscova entre decembro de 1926 e febreiro de 1927, onde pretendía ser testemuña directa da realidade comunista e decidir sobre a súa unión ao Partido Comunista alemán, á vez que retomar a relación sentimental coa actriz Asia Lacis, daquela enferma e unida ao dramaturgo Bernhard Reich, amigo de Benjamin. Considerado o traballo máis persoal do autor alemán, a través do *Diario* é posible penetrar de maneira sutil no íntimo do escritor considerado o crítico literario alemán máis importante da primeira metade do século XX. En tradución de Carlos Penela.

Galaxia Rústica  
13,5 × 21 cm 182 páxinas


ISBN: 978-84-9151-916-4  
16,63 €



## John Williams Stoner

William Stoner nace no seo dunha familia labrega de Missouri. Envíanos a estudar Agronomía á universidade, pero alí descobre a literatura, da que se namora e á que decide dedicar a súa vida como profesor. Co paso dos anos acumúlanse as decepcións deste antihroe existencial: o seu casamento afástao dos pais, a súa carreira estancase, a muller e filla distáncianse del, e un novo amor ameaza con converterse nun escándalo. En tradución de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica  
13,5 × 21,5 cm 316 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-85-0  
19,95 €




## Robert Walser O paseo

Unha exquisitez literaria que chegou ás librerías en 1917 e que revela unha inusitada vis cómica e lírica e máis un abraiante dominio da lingua. Atopamos aquí, marabillados, a voz modesta, despreocupada, feliz e xovial de alguén que sae pasear. Transida de tenrura, de piedade e de amor, é unha voz incapaz de asumir a carga prosaica e práctica da modernidade; a voz, en fin, dun ser humano perdido, fragmentado, que se esfarea entre o conxunto das cousas pequenas e fuxidas, e, desta guisa, se libera do peso dun mundo que non reconece nin lle ten sentido. En tradución de Laureano X. Araujo.

Laiovento Rústica  
14 × 21 cm 82 páxinas

ISBN: 978-84-8487-596-3  
11,95 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




## Patricia Highsmith Carol

Therese traballa como dependente nuns grandes almacéns de Nova York. Un día achégase ao seu mostrador Carol, unha fermosa muller duns trinta anos. Cando as súas miradas se encontran, senten unha enorme atracción que irá a máis. As dúas mulleres abandonan as súas triviais rutinas na procura de espazo onde o seu amor pode florecer. Pero Therese tamén é consciente dos enormes obstáculos cos que se deberán enfrontar. Unha historia plena de erotismo e suspense que en 1952 desafiou os estereotipos sobre a homosexualidade lésbica. Unha obra pioneira, en tradución ao galego de María Seisdedos.

Faktoria K Rústica  
13,5 × 20,5 cm 384 páxinas

ISBN: 978-84-19213-15-0  
17,10 €




## Marco Malfatto Aquela praia dos Hamptons

A recomendación por parte do seu terapeuta de dar un paseo polas praias dos Hamptons levou ao protagonista a coincidir con Merton, un exitoso produtor de televisión a quen coñece dende hai tempo. Este encontro converteuse nunha oportunidade para revitalizar a súa carreira como guionista, pero o único que parece obsesional é un burato no seu calcetín dereito. Cun humor mordaz e unha divertida prosa narrada en primeira persoa, esta novela breve remite á intriga, á elegancia e ao enxeño de autores como John Updike, Anne Tyler ou Eduardo Mendoza. Tradución de Iago Nicolás.

Faktoria K Rústica  
13,5 × 20,5 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-19213-11-2  
15,20 €



## Natalia Ginzburg Léxico familiar

"Ao longo da miña infancia e adolescencia tiña en mente sempre escribir un libro que falase das persoas que vivían daquela ao meu redor. Este é, en parte, ese libro. Iso si, só en parte, porque a memoria é lábil e porque os libros que se toman da realidade non son a miúdo senón tenues faíscas e estelas de canto vimos e ouvimos". A chave desta novela extraordinaria trázase xa no título. Primeiro "familiar", porque narra a historia dunha familia xudía e antifascista: os Levi, en Turín, entre os anos trinta e cincuenta do século pasado. E "léxico", porque os camiños da memoria pasan a través da lembranza de frases, maneiras de dicir, expresións particulares. Traducida por María Alonso Seisdedos.

Laiovento Rústica  
14 × 21 cm 202 páxinas

ISBN: 978-84-8487-588-8  
17,05 €



## Han Kang A vexetariana

Yeonghye é unha muller sen apenaz voz que decide facerse vexetariana logo de empezar a ter soños violentos. O marido de Yeonghye, o seu cuñado e a súa irmá máis vella contan a historia desta muller dende o seu punto de vista nos tres relatos que compoñen a novela. No primeiro, "A vexetariana", un home mediocre descobre que a súa parella está cambiando. No segundo, "A mancha mongólica", a perspectiva é a do cuñado de Yeonghye, un artista audiovisual que non consegue sacar unha imaxe da cabeza e está disposto a todo para facela realidade. O último relato, "As lapas das árbores", segue a Inhye, a irmá de Yeonghye, mentres se enfronta ás consecuencias da decisión da súa irmá. A tradución é de Alba Vereza Pérez.

Rinoceronte Rústica  
13,5 × 21,5 cm 178 páxinas

ISBN: 978-84-17388-79-9  
18,52 €




## Tatiana Țibuleac O verán no que miña nai tivo os ollos verdes

Aleksy rematou os seus estudos e planea pasar as vacacións cos seus amigos en Amsterdam, pero todo se torce cando a súa nai –a persoa que máis odia no mundo– o suborna para que pase con ela o último verán nunha pequena vila de Francia. Alí deberá enfrontarse ao seu vínculo roto e ao segredo que garda súa nai. Mediante un relato cru, agresivo e convulso –feito polo propio Aleksy por recomendación do seu psiquiatra– asoma a historia dunha reconciliación imposible. Traducido por Andrea Birsanu.

Rinoceronte Rústica  
13,5 × 21,5 cm 218 páxinas

ISBN: 978-84-17388-78-2  
19,47 €



## Italo Svevo A historia do bondadoso vello e da fermosa moza



Crendo chegada a súa derradeira oportunidade para gozar do amor, un adineirado vello, que se lucra coas desgrazas derivadas da Primeira Guerra Mundial, aventúrase na sedución dunha fermosa moza tras coñecela no tranvía de Trieste. O ancián tira partido, mesmo intelectual, da situación, e chega a manexar, no seu beneficio e exculpación, a necesidade de amparo ante as dificultades da vida. Traducido por Isabel Soto.

Huguin e Munin Rústica  
13,5 × 20 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-122593-8-4  
12 €



# Xosé Tomás



5↑

## Animalia 4. Gris

Animalia é un proxecto de banda deseñada protagonizado por animais de diversos hábitats. *Animalia 4. Gris* reproduce comportamentos dos animais urbanos. Logo de botarlle unha ollada será máis doado saber en que nos parecemos as persoas aos animais cos que convivimos a diario.

Xerais Rústica  
17 x 24 cm 56 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-146-2  
12,95 €

Títulos anteriores:

### Animalia 1. Verde



ISBN: 978-84-9121-385-7  
12,95 €

### Animalia 2. Branco

ISBN: 978-84-9121-526-4  
12,95 €

### Animalia 3. Azul

ISBN: 978-84-9121-846-3  
12,95 €



3↑

## Antón Cortizas Amado Os dez animais

Texto rimado para aprender os números do un ao dez contando un fato de animais que nun sorprendente final correrán en desbandada. Ilustracións de Lidia Nokonoko.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-9151-911-9

15,20 €



4↑

## María José Floriano Terra de ninguén

Un álbum impactante, emocionante, que amosa a cativos e maiores a realidade cercana –a miúdo invisible– da marginalidade. A Cañada Real, en Madrid, é o poboado chabolista máis grande de Europa. O seu núcleo central, El Gallinero, foi desmantelado en 2018, aínda que a situación non está resolta. A autora constrúe un relato valente, contado dende a mirada infantil, que revela que a dignidade, o amor e a esperanza tamén habitan nas circunstancias máis difíciles. Traducido por Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 24,5 x 21,5 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1343-161-1

14 €

En Castelán:

**El Gallinero**

ISBN: 978-84-1343-162-8



3↑

## David Pintor Non a todas as nenas lles gusta o rosa

A través dun divertido diálogo coa súa filla, o artista David Pintor plasma algunhas das moitas e estrafalarias afeccións que poden facerlles soñar ás nenas. Un álbum que fala dos estereotipos de xénero empregando un dos mellores instrumentos: o humor. En tradución de Anaí Rodríguez.

Xerais Cartonado 20 x 26 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1110-173-8

13,50 €

Á VENDA EN  
OUTUBRO



# Ledicia Costas



## Os minimortos 5 Ai, que risa!

O oso Penoso non está a pasar o seu mellor momento. Nunca foi a alma da festa, pero agora está triste de verdade. Para tentar animalo, os Minimortos deciden multar a todos os habitantes do Outro Barrio que digan cousas que sexan o contrario de alegres. A pesar de todas as multas, Penoso segue sen levantar cabeza. Teñen que facer algo máis. A Pochiña córreselle unha idea: organizar un concurso de números cómicos no que poidan participar todos os habitantes do Outro Barrio. A quen gañe, levantáraselle a multa. Conseguirán que Penoso volva rir?

Xerais Rústica  
14 x 20 cm 56 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-145-5  
12,95 €



6↑

10↑

PREMIO LAZARILLO  
DE CREACIÓN  
LITERARIA 2021



## A lebre mecánica

As cousas entre Nana e Corvo ultimamente non van nada ben. Conseguirán construír un mundo onde compartían todo: películas, música, manga, videoxogos... Non querían separarse nunca. Mais iso era antes. Agora Corvo desaparece durante horas e non conta onde vai. Cando Nana lle pregunta que lle pasa, enfárase. No seu grupo de amigos ningún comprende que lle sucede. Desde que empezou a ir en serio coas apostas semella outro. O que antes era pura diversión converteuse nun pesadelo. Case sen decatarse, Corvo acaba metido nunha rede de problemas da que semella imposible saír.

Xerais Rústica  
13 x 21 cm 136 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-149-3  
12,45 €

### Títulos anteriores dos Minimortos

#### Benvindo ao outro barrio

ISBN: 978-84-9121-697-1  
12,95 €

#### Criando malvas

ISBN: 978-84-9121-727-5  
12,95 €

#### Escola de salvaxes

ISBN: 978-84-9121-907-1  
12,95 €

#### O día dos vivos

ISBN: 978-84-9121-989-7  
12,95 €



5↑

PREMIO ALBERTE  
QUIÑO DE ÁLBUM  
ILUSTRADO 2022

## R. J. Peralta e Blanca Millán As filloas de Manola

Chovía a cachón, e as nubes eran tan negras que non deixaban pasar o sol. Ía un frío que metía medo, e a avoa Manola estaba cansa de estar coas galiñas e de sacchar nos regos. Só quería unha boa cea de filloas, mais as visitas non paraban de chamar á porta para pedirlle un pouquiño disto ou daquilo, mentres as filloas minguaban. Final con sorpresa. Con ilustracións de Blanca Millán.


Galaxia Rústica 24 x 29 cm 36 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-903-4  
16,15 €



## O Hematocrítico Oso banda

A Oso banda só lle gustan as cousas brancas e negras. Ou iso parece... Un conto de humor sobre como facer equipo. Con ilustracións de Alberto Vázquez.

Xerais Cartonado 16 x 16 cm 24 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-147-9  
11 €  
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



6↑



## Elvira Ribeiro Tobío Lagarta, Lagarta!

Un xogo poético, cheo de significado, que se pode comezar polo final ou ler dende o comezo. Unha nena e unha lagarta gozan da vida, fan valer a voz e a liberdade feminina, mentres outras persoas e animais observan os seus comportamentos. Refrescantes ilustracións de Sofia Venzel.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 40 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-908-9  
15,20 €





Rosa E. Gantes

## Soños á beiramar

Unha tarde de final de verán, Tainá convidou a Luana, a pequena veciña que acaba de chegar á vila, a xogar co seu papaventos no bordo do mar. Unha divertida xornada de xogos e confidencias entre amigas axuda as protagonistas desta historia a comprender mellor sentimentos e emocións. Con ilustracións de Rafa Antón.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1343-157-4

14 €



Thalía Troitiño González


## O poder máximo do sorriso

Mara decátase de que ten sorrisos diferentes, case un para cada ocasión, e anda a darlle voltas a esta descuberta. Canda ela lectoras e lectores poderán indagar se lles pasa outro tanto e coñecer mellor os detalles da súa expresión. Con ilustracións de Luz Beloso.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9151-910-2

15,20 €



Alfredo Blanco Martínez

## Faro e o seu día importante

Faro ten oito anos, estuda cuarto de primaria, e está nervioso porque por fin chegou o gran día no que vai ter que falar en público no cole. Coa axuda de papá Alexandre e papá Alberte leva tempo preparándose para facer unha presentación na aula. Se ben superou xa os pesadelos, aínda así é un reto, que lle impón algo de medo. Ilustrado por Ana Santiso.

Galaxia Rústica 24 x 21 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9151-918-8

15,20 €

# Primeira novela infantil de Berta Dávila



Berta Dávila

## Demetrio Demoscopio perdeu a chispa

Nun edificio de cinco andares viven Afonsa Sosón e o seu neto André, o señor Demetrio Demoscopio, as irmás Carmelina e Laudina Flan, e o mago Ciro. No edificio todos son vellos, menos André, e todos son bastante felices. Ata que unha noite Demetrio Demoscopio perde a chispa e André decide que fará todo o posible para que o seu amigo a recupere: mesmo atravesar as follas dun libro máximo e aparecer na urbanización onde viven os personaxes dos contos cando ninguén os le. Berta Dávila estréase na novela infantil cunha tenra e divertida historia de amor, polas persoas e tamén polos libros. Ilustrado por Xiana Teimoy.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-061-8

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé Neira Vilas

## Espantallo amigo

A figueira do tío Ramón de Rebornada dá os mellores figos da aldea; pero os merlos tamén o saben, e non deixan un para probar, así que o tío Ramón decide, cuns paus, roupa vella e un pouco de palla, facer un espantallo... moi especial. O protagonista deste libro ten un corazón de pexego, quentiño e bo, coma as cousas que el fai. Publicado na colección Lectura fácil, en adaptación de Silvia Bernárdez. Con ilustracións de Xaquín Marín.

Galaxia Rústica

16 x 21 cm 76 páxinas

ISBN: 978-84-9151-913-3

10,30 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé Neira Vilas

## O cabaliño de buxo

Ruliño é un neno galego. Un neno de aldea. Ruliño é aínda pequeno. Pero xa vai entendendo algunhas cousas. Pequeno é tamén o seu mundo. Un mundo que ten o grandor da aldea, onde así e todo hai moito que ollar e deprender. Ilustrado por Belén Rodríguez Pazo.

Galaxia Rústica

13 x 20 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-9151-923-2

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Jacob e Wilhelm Grimm

## 45 contos dos irmáns Grimm para nenos e para a familia

*O gato con botas, Carapuchiña vermella, Polgariño, A Cincenta, Os músicos de Bremen, Hänsel e Gretel, Raponcio e Branca de Neve* chegaron aos nosos días, narrados de xeración en xeración, en múltiples versións. Para esta edición escolléronse 45 dos relatos, que se publican acompañados de ilustracións clásicas. Traducido por Jennifer Gómez Vilar.

Sushi Rústica

14 x 21 cm 272 páxinas


ISBN: 978-84-16884-58-2

17,10 €



# María Xosé Lamas

## TEATRO



### Un corvo en Caldaloba


Texto que nace dunha clara vontade de divulgación da historia; pensado para representar en centros escolares e que agocha tamén un propósito reivindicativo que pon no punto de mira a necesidade de velar polo patrimonio da Terra Chá seguindo a senda da Plataforma pola Restauración da Fortaleza de Caldaloba. A obra está dedicada a Xosé Luís García Mato, persoa que inspirou á autora á hora de poñer título á peza teatral e que ela converteu en narrador omnisciente dos feitos que acontecen nos últimos días de asedio á fortaleza ao remate do século XV. Esta peza dramática en tres actos tivo unha primeira edición non venal a cargo do Instituto de Estudos Chairegos e sae agora con ilustracións de Sofía Naseiro ideadas para amosar a vestimenta das personaxes.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 48 páxinas  
ISBN: 978-84-19438-00-3  
13 €



# Ánxela Gracián

## TEATRO




### Donas de nós

"Este libro –di a autora– naceu como un conto de princesas rebeldes que non buscan a felicidade no matrimonio, como nos contos de fadas, senón na vida mesma, porque comprenden que ese sentimento de benestar que perdura no tempo non é só un instante luminoso nin unha emoción inexpressable que esvaece cando as perdes acedan no padal". O xurado do premio valorou "a proposta de revisión e reescrita da mellor tradición literaria" ao incorporar como protagonistas personaxes como o mago Merlin, a fada Morgana, o Príncipe Azul ou os Reis Provençais, "creando un artefacto dramático metaliteraturizado non exento de humor e ironía, onde se visitan e actualizan temas importantes do noso tempo e de todo tempo dando unha ollada claramente identificada e feminista".

Baía Rústica  
13 x 19 cm 92 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-406-6

9,10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## TEATRO



### Mary Norton Os raspiñeiros

Arrietty é unha rapaza diminuta que vive coa súa familia baixo o chan dunha casa que non lles pertence. Todos eles son raspiñeiros, que experimentan decote a aventura de ir buscar provisións de toda clase, tentando non ser "vistos" polos seus xigantescos veciños humanos. Pero un día Arrietty coñece un rapaz humano, e todo cambia.

Sushi Rústica  
14 x 20 cm 158 páxinas  
ISBN: 978-84-16884-59-9  
15,20 €




### Edgar Costas Casa de feras

Fábula actual que aborda o maltrato animal, as relacións de poder e a liberdade. Animais engaiolados en reixas de ferro e humanos encadeados a prexuízos férreos buscan unha liberdade pola que hai que pagar un prezo alto. O autor bota man dun humor cheo de ironía para abordar os conflitos que xorden nun ambiente hostil.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 68 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-804-4  
9,20 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

## TEATRO




### Raquel Castro Planeta Bugallo

Dous extraterrestres chegan á terra. Falan galego porque o galego é a lingua de todo o Universo. Procuran falantes de galego en Galicia... e cústalles atopalos. Ilustrado por Blanca Millán.

Galaxia Rústica  
13 x 20 cm 116 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-899-0  
12,50 €

## POESÍA



### Antonio Rubio Cos brazos abertos

A diversidade vista a ollos da infancia a partir dunha xornada no colexio, onde nenas e nenos de distintas procedencias conviven felices e en harmonía. Esa diversidade plásmase na fisionomía e na pel dos escolares, nas súas respectivas linguas maternas ou nos costumes propios de cada colectivo. Este canto á esperanza dun mundo fraterno e igualitario complétase coas fermosas ilustracións de María Giron.

Kalandraka Cartonado  
19,5 x 29 cm 32 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-159-8  
15 €

En castelán:

Con los brazos abiertos

ISBN: 978-84-1343-160-4



## Lois Pérez



Foto: Distrito Xermar



V PREMIO AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ DE NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL POLA IGUALDADE

## A gruta da torre

Rematado o curso, Lois viaxa coa súa familia a pasar outro verán en Ribadeo. Quique, Greta e o resto da cuadrilla agardan por el, e ese ano hai tamén unha nena nova. Non a coñece, mais morre por falar con ela... Na vella biblioteca da Torre dos Morenos, Quique encontra un libro e, no interior, un misterioso documento que fala dun pasado. Onde estará? Deciden que teñen que atopalo. A investigación vese sacudida pola aparición dunha foca, Cuquita, e tamén por uns estraños sucesos no faro da Illa Pancha. Quen os persegue? Por que un home lles amosou unha pistola? Quirina e Estrela tamén procuran a resposta. Namentres, Marquiños escoitou a voz de seu pai no mar... Unha aventura trepidante, atravesada pola forza da amizade, os primeiros amores e o valor dos libros, no Ribadeo de 1990. Con ilustracións de Rosalía Díaz.

Xerais Rústica 14 x 21,5 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-148-6

13,95 €

## Pedro Ramos

## Un ewok no xardín

Zoe, preocupada pola actitude de David, o seu irmán pequeno, escribelles co-reos electrónicos para tentar sacalo do buraco de escuridade no que está afundido. A David, de dezaseis anos, cústalle atopar motivos para seguir vivindo. Durante un día enteiro, o encontro cun home que se describe como tolo, que cre que ten un ewok no xardín, levarao por camiños inesperados. O tema central é o suicidio. A través de Zoe, o autor tamén fai unha denuncia social sobre a situación dos mozos, que teñen que abandonar as súas casas para ter un soldo digno.



PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA XUVENIL 2022

Rodeira Rústica  
13 x 20,5 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-8349-730-2

10,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €.



## Miguel Vázquez Freire

## O moucho voa

## Filosofía en 28 conversas

Libro pensado para introducir a mocidade na filosofía. Está constituído por 28 conversas, amenas e desenfadadas, organizadas nos catro temas principais dos que se ocupa a filosofía tradicionalmente: o Ser, obxecto da ontoloxía; a Verdade, obxecto da teoría do coñecemento ou epistemoloxía; o Ben, obxecto da filosofía moral ou ética; e a Xustiza, obxecto da filosofía política. Con ilustracións de María Lires.

Xerais Rústica 14 x 21,5 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-1110-143-1

12,95 €

Outros títulos da colección Seica:

Alfonso Blanco  
A vida na Grecia clásica

ISBN: 978-84-1110-089-2

12,50 €

Pepe Carballude  
A vida diaria dos romanos

ISBN: 978-84-9121-859-3

13,95 €

Manuel Veiga  
Taboada  
Que sabes da Guerra Civil e do franquismo?

ISBN: 978-84-9121-981-1

13,95 €

María Reimóndez  
Bárbaras!

Unha achega desenfadada á menstruación para adolescentes diversos (e non só)

ISBN: 978-84-9121-860-9

13,95 €

Héctor Cajaraville  
Xestas Olímpicas  
Escolma de relatos heroicos no mundo do deporte

ISBN: 978-84-1110-124-0

12,50 €

## Andrea Maceiras



XV PREMIO RAÍÑA LUPA DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

## Que me pare o corazón se te esquezo

Blue Shiva é a deusa das redes sociais. Na súa popular canle aparecen os retos virais máis arriscados. Pero tamén é unha deusa fráxil. A noite en que decide camiñar polo bordo dun edificio de dez andares, só desexa que a chuva deteña a súa ousadía. Porén, Nordestal é unha cidade ventosa, e Blue Shiva precipitase ao seu propio abismo. Aíña as redes sociais difunden a nova da súa morte. Do outro lado da pantalla, Ada, que non pode crer que Blue Shiva xa non exista, pídelles axuda á súa irmá xemelga, Lúa, e convértea en cómplice involuntaria. Pola súa banda, Gabriel regresa a Nordestal guiado polos latexos do seu corazón. Narrada a dúas voces, *Que me pare o corazón se te esquezo* é unha historia sobre ese mar que nos axita por dentro e sobre aquel que se abre alén das nosas pantallas, tinguído pola peor sombra e, ao tempo, capaz da maior luz.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 224 páxinas


ISBN: 978-84-1110-142-4

12,95 €

## Eva Mejuto

## A ladroa da biblioteca de Meirás

O prohibido era excitante e aterrador ao tempo. O medo de que desen con ela formaba parte dun xogo ao que Mariña estaba prendida. Coabase na mellor biblioteca do mundo, co universo enteiro para ela arrombado nos andeis. Ás veces a felicidade era tal que esquecía o perigo que corría. Facía mal en coller "prestados" os libros? A familia roubáranlle a casa para facer a residencia do Xeneralísimo, así que estaba no seu dereito. E ese verán pasarían tantas cousas que todo cambiaría na vida de Mariña, no Pazo de Meirás e, talvez, no país enteiro...



Xerais Rústica  
13 x 21 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-105-9

12,95 €

## Paula Carballeira

## Trece avisos

## Contos para ler pola noite



O medo avisa cando chega. Un sopro de aire frío. Un arrepio polas costas. Un corazón que latexa. Algo que non vemos, pero sabemos que está. Algo que sentimos, ou que presentimos. Estes contos son para ler de noite, mais hai que atreverse. A dicir de Manrique Fernández no blog O meu andel, "Paula mergúllase na nosa tradición oral, que tan ben coñece, para darlle forma a este monlo de relatos, pero tamén, segundo confesa no propio libro, baséase na súa experiencia persoal de medorenta incorrrible". Con ilustracións de Iria Fafián.

Xerais Rústica  
13 x 20 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-122-6

12,95 €




# A lenda de Roxín Roxal



Roxín Roxal é sobre todo a lenda que nos fala da hipotética orixe dun topónimo da comarca do Eume: A Ponte do Porco. Agardamos que esta adaptación reviva o interese pola historia e a tradición galega como o fixo para min ler a autores como Carré Alvarellos.

**Manel Cráneo**



**Manel Cráneo  
e Brais Ferreiro**

## Roxín Roxal

### A daga do conde

A Ponte do Porco agocha unha dramática historia: o nacemento dun heroe que se converterá en lenda para sempre. Roxín Roxal é un personaxe do imaxinario medieval popular galego, cun nome sonoro e evocador, vencellado á comarca do Eume. O relato cumpre con todos os elementos das recorrentes aventuras medievais marcadas pola diferenza das clases sociais. Unha Bd xuvenil que recupera a lenda de tradición medieval recollida por Leandro Carré Alvarellos no seu libro *Leyendas tradicionales gallegas*, guionizada agora por Manel Cráneo e con fermosos debuxos de Brais Ferreiro. Acción, intriga e aventura asegurada.

Demo Rústica 17 x 24 cm 54 páxinas

ISBN: 978-84-124695-3-0

14,90 €



**VV AA**


## Arrepío

Trece historias de medo arrepiante que amosan a Galicia máis escura. Este volume nace dunha proposta da editora para facer unha revisión da tradición popular arredor do medo, o misterio e a morte na procura de novas lendas que encaixar nun roteiro de escenarios da xeografía de noso. Cada un dos participantes escolleu un lugar con total liberdade e cun só condicionante: a ambientación sería no século pasado ou a finais do anterior, para darlle un percorrido histórico ficticio a cada unha das historias. Todas elas teñen tamén en común a cor negra da tinta, o escuro do guiño e o branco dunha clara intención fantasmagórica: producir arrepios. Participan Bento Carroña, Dani Xove, Inés Vázquez, Marcos Calo, Mabel Lareo, Rubén Rial, Santy Gutiérrez, Tomás Guerrero, Álvaro López, Luis Sendón, Greta Debelius, Manel Cráneo e Javi Montes. As cubertas son de Víctor Rivas.

Demo Rústica 17 x 24 cm 110 páxinas

ISBN: 978-84-124695-1-6

14,90 €



**René Goscinny & Albert Uderzo**

## Astérix lexionario

Desta volta, Astérix e Obélix alístanse na lección para buscar o mozo de Falbalá, unha rapaza gala de quen Obélix namorou. Tradución de Xavier Senín, María Isabel Soto e Alejandro Tobar. Estamos no ano 50 antes de Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos agás unha aldea que aínda segue resistindo o invasor. E a vida non é doada para as gornicións de lexionarios romanos nos reducidos campamentos de Babaórum, Aquárium, Laudánium e Petibónum.

Xerais Cartonado  
22,5 x 29 cm 48 páxinas

ISBN: 978-84-1110-102-8

12,95 €

Novela gráfica



**Alberto Varela Ferreiro**

## Plus Ultra

### Transición ao futuro


Alberto Varela volve á banda deseñada de carácter histórico cunha obra ambientada na época da Transición. Pepe Pardiñas é un emigrante galego retornado de Suíza con coñecementos do mundo da ufología e do paranormal. En pleno debate político entre reforma e ruptura, Pardiñas será quen de albisar como pode ser o futuro de Galicia e da humanidade.

Xerais Rústica

112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-175-2

17,30 €



**Marilar Aleixandre e Fran Bueno**

## Os Escachapedras


Os Escachapedras e o seu gato Rabelo están de volta. Marilar Aleixandre ao guiño e Fran Bueno ao debuxo retornan coa serie clásica de humor e aventuras que naceu na revista Golfinho. Unha Bd indispensable para toda a rapazada e tamén para lectoras e lectores nostálgicos. Inaugura unha nova colección Demo pequeno.

Demo Cartonado  
19,5 x 28 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-124695-7-8

17,10 €

Novela gráfica



**Nicolas Dumontheuil**

## O bosque dos raposos aforcados


Oiva Juntunen conseguiu fuxir co botín dun roubo mentres o seu cómplice cumpre condena. Cando este sae do cárcere, Oiva foxe ás recónditas paisaxes da Laponia finlandesa para non ter que compartir a súa riqueza. Alí coñece o comandante Remes, exmilitar alcólico, e unha nonaxenaria fuxitiva, cos que vive unha serie de estrafalarias aventuras. Baseado na novela de Arto Paasilinna. A tradución do francés é de Sergio Gómez Blanco

Rinoceronte Rústica  
21 x 26 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-17388-76-8

17,10 €





## Andrea Suárez e César Fernández

### Emovere

Unha amizade entrañable e a afección conxunta á poesía conciben e dan a luz ao primeiro fillo literario de dous autores noveles. A singularidade da súa obra reside en que reflicte con harmonía dous sentires, estilos e dúas linguas diferentes. O título da mesma, raíz latina de "emoción", representa o movemento. A intención destes dous poetas é mover, remover, conmover aos lectores. O intimismo abraza con delicadeza nestes versos, no medio da aspereza e automatismo cotiáns. Faino en aspectos cruciais, entre outros: o amor e os seus antónimos; a estéril fuxida do silencio; a dor anímica e existencial; a procura do equilibrio e paz; a inocencia dos meniños e a devoción á natureza, fonte inesgotábel de enerxía e inspiración.

Toxosoutos Rústica  
15 x 21 cm 66 páxinas

ISBN: 978-84-125915-1-4


12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

# José Carou



José Carou Rey (Rianxo, 1969) é profesor de Filosofía no IES Espiñeira de Boiro. Publicou as novelas *Desvelando a Ademar Escambia* (Premio Antón Avilés de Taramancos, 2019) e *O Bebedizo de Lúa* (premiada no Lueiro Rey, 1997). Tamén é autor do poemario *Hemisferio auga* (2021) e do *inclasificable Relatos da incorrección* (2021). Escribiu crítica de cine para *Sermos Galiza*, *Diario de Arousa* e *Cinemadición*, ademais de colaboracións ocasionais para o suplemento cultural *Barbantia* (La Voz de Galicia). Recibiu, entre outros galardóns, o Francisco Fernández del Riego (1996), o Faustino Rey Romero (1999), o Viadutos (2000) e o Premio de Narracións Curtas Modesto R. Figueiredo por *Afán e infortunio dos días estragados* (2018).




### Diorama

"A primeira noite que durmimos na casa do faro, espertei co zunido das hélices na procura de sobreviventes. Os poemas atravesan as idades da luz. Cada verso sae ao rescate proxectando unha ilusión filmica. Un océano no teito do dormitorio. O zunido das hélices desaparece. Se perdemos a fala, esquecemos a orixe do universo, e deixamos de recender os significados, de debuxar coa voz fotogramas censurados antes de durmir. Volvo abrir *Diorama*. Comezar a ler obriga a seguir".

Galaxia Rústica

Referencia: 01-0083-14

15,67 €



## Antom Laia López


### Na Insônia Cruel do Relógio

Libro de poemas de gran forza visual, con fermosas fotografías interiores a toda cor realizadas por Antom Laia e pola poeta Teresa Ramiro. A paisaxe, o amor pola natureza, pola terra e tamén o desexo están presentes nestas páxinas.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-19438-03-4

14,90 €



## Anxo Muíños

### Dó

"Dó é un desvelamento secuencial, un monllo de epifanías breves, sinxelas, sinceras. A autenticidade destas miniaturas literarias estriba na agudeza, na observación. O estilo escollido obriga. Anxo consegue saír airoso porque entende que a intuición e o símbolo deben vencer ao exceso de racionalidade. A imaxe resulta do desprendemento, de non multiplicar os focos de atención". Extracto do prólogo de Xosé Carou.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-19438-06-5

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Diego Rojo Garrido

### O roubo do sol


"Na pandemia esgrevia/en liña primeira./ Portadora silandeira./ anónima guerreira./ "gardiana" afouta./ leal compañeira./ sempre coida e arroupa".

Toxosoutos Rústica  
10,5 x 16,5 cm 56 páxinas

ISBN: 978-84-125393-4-9

10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Iván Contreras Flores

### Haciendo memoria

Poemas de Iván Armando Contreras Flores, asesinado en Chile, recompilados polo seu irmán Omar Contreras Flores. En castelán.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 62 páxinas

ISBN: 978-84-19438-04-1

11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



# Francisco Fernández del Riego



Foto: RAG/Castro-París

## Case un século a pé de obra

### Malores Villanueva

Francisco Fernández del Riego naceu o 7 de xaneiro de 1913 en Vilanova de Lourenzá (Lugo). Gustáballe dicir que chegou como un regalo atrasado de Reis. A diferenza doutros rapaces da súa xeración, tivo unha infancia feliz e con acceso aos libros: os contos de Calleja e os clásicos universais de Emilio Salgari, Jules Verne, Perrault, os irmáns Grimm, Jonathan Swift ou Mark Twain. As lecturas marcaron a súa vida, convertéronse na súa gran paixón e de aí naceron obras como *Letras do noso tempo* (Galaxia, 1974).

A súa presenza ao longo do século XX é constante, tanto no eido político, como no literario e cultural. Alí onde había un proxecto para Galicia estaba Del Riego. Esa vitalidade fixo que dirixise a Fundación Penzol ata un ano antes de falecer e durante case

cinco décadas nas que se entregou a conservar e difundir o legado deixado polo bibliófilo galeguista Fermín Penzol. Con todo, non foi un intelectual de despacho, senón un home activo dende a súa mocidade.

En 1930 inicia en Madrid os estudos de Dereito e contáxase do ambiente a favor da República, que culmina o 14 de abril de 1931. Ao ano seguinte prosegue os seus estudos en Compostela, e alí entra en contacto con Lois Tobío, que o integra no Seminario de Estudos Galegos. Asiste aos parladoiros do café Derby e do café Español, visita a imprenta Nós, de Ánxel Casal... O seu compromiso e traballo non pasaron desapercibidos para os líderes do Partido Galeguista, onde militaba, e foi o propio Alexandre Bóveda quen decidiu que debía participar na redacción do Estatuto de Autonomía. Durante eses anos de intensidade política

tamén foi elixido secretario xeral das Mocidades Galeguistas.

A súa folga de servizos ao nacionalismo galego era ampla, polo que no momento da sublevación militar non tivo outra opción que vestir un uniforme que deploraba. Rematada a guerra sóubose un dos perdedores, pois quedara inhabilitado para exercer a docencia e non se puido incorporar á súa praza de profesor auxiliar de Dereito Civil. Decide entón aceptar a axuda de Valentín Paz Andrade e traballar como pasante no seu despacho de avogados en Vigo. Axiña pensa en reorganizar o Partido Galeguista, pero o asentamento da ditadura non o fixo viable e orientou todos os seus esforzos á cultura. Primeiro dirixindo o suplemento cultural *La Noche*, xunto con Xaime Isla, e, posteriormente, coa posta en marcha da Editorial Galaxia en 1950.

En numerosas ocasións escribía por encarga, impartía conferencias, participaba como membro de xurados, redactaba reseñas en xornais de dentro e fóra de Galicia, enviaba múltiples cartas para crear unha rede de apoio ao redor da causa galeguista, pechaba a revista *Grial* para que saíse sempre con puntualidade, alentaba na escrita a novos valores, insistíalle a Álvaro Cunqueiro para que retomase a creación en galego...

Unha das iniciativas de maior éxito foi a creación do Día das Letras Galegas, unha proposta que levou en 1963 á Real Academia Galega -era membro da institución dende 1960- e que se aprobou por unanimidade, dende entón celebramos cada 17 de maio como a maior festa da nosa lingua. En 1997 foi elixido presidente da institución e como tal puxo un gran empeño na súa modernización: reformou os estatutos, abriu as portas a grandes figuras do galeguismo que durante anos foran vetadas, comezou a dixitalización dos fondos...

Del Riego foi un home ponte entre os galeguistas de interior e os exiliados, tamén entre as distintas sensibilidades en Galicia. Nas súas memorias *Camiño andado* (Galaxia, 2003) e *O río do tempo* (Edicións do Castro, 1990) dá boa conta de todo o inxente labor realizado. Quédanos a súa magnífica biblioteca e os seus arquivos, que son a historia viva da Galicia do século XX, os seus libros, a súa correspondencia coas figuras máis destacadas deste país e o seu exemplo de coherencia e loita. Foi un home versado, un gran conversador, un soñador e un executivo. O vindeiro ano renderemos homenaxe a un home que estivo case un século a pé de obra, cunha traxectoria firme, coherente e cun optimismo radical, como lle gustaba definirse.

### Sesenta gallegos ilustres

Obra periodística olvidada en *Vida Gallega, 1956-1962*

Edición 2005.

|            |             |
|------------|-------------|
| Alvarellos | Rústica     |
| 14 x 21 cm | 342 páxinas |

ISBN: 978-84-85311-21-7

5,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

### VV AA

### Francisco Fernández del Riego

Vigo dende o corazón de Galicia

Libro homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Edición de 2013.

|            |             |
|------------|-------------|
| Galaxia    | Rústica     |
| 24 x 21 cm | 136 páxinas |

ISBN: 978-84-9865-472-1

20,43 €

### Camiño andado

Edición de 2004.

|              |             |
|--------------|-------------|
| Galaxia      | Rústica     |
| 13,5 x 21 cm | 280 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-632-9

20,66 €

### Xosé Neira Vilas

### Cartas e lembranzas

Epistolario con Francisco Fernández del Riego 1959-2007

Edición de 2013.

|              |             |
|--------------|-------------|
| Galaxia      | Rústica     |
| 13,5 x 21 cm | 276 páxinas |

ISBN: 978-84-9865-489-9

19,90 €

### Las peregrinaciones a Santiago

Edición de 2004.

|            |             |
|------------|-------------|
| Galaxia    | Rústica     |
| 12 x 22 cm | 176 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-703-6

14,45 €

### Ricardo Carballo Calero

### Epistolario a Fernández del Riego

Edición de 2006.

|            |             |
|------------|-------------|
| Galaxia    | Rústica     |
| 14 x 21 cm | 580 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-893-4

31,11 €

### Un epistolario de Ramón Piñeiro

Edición de 2000.

|              |             |
|--------------|-------------|
| Galaxia      | Rústica     |
| 13,8 x 20 cm | 276 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-380-9

22,42 €

### Álvaro Cunqueiro

### Cartas ao meu amigo

Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego 1949-1961

Edición 2003.

|                |             |
|----------------|-------------|
| Galaxia        | Rústica     |
| 13,7 x 20,9 cm | 220 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-559-9

19,57 €

### A xeración Galaxia

Edición de 1996.

|              |             |
|--------------|-------------|
| Galaxia      | Rústica     |
| 13,5 x 20 cm | 212 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-037-2

15 €

### Manuel Rodríguez Lapa

### Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega

Edición de 2001.

|                |             |
|----------------|-------------|
| Galaxia        | Rústica     |
| 13,7 x 20,5 cm | 408 páxinas |

ISBN: 978-84-8288-442-4

38,19 €





**Marilar Aleixandre e Emma Pedreira**

## Juana de Vega


**A muller que desafiou o seu tempo**

Obra que busca espertar o interese pola vida e o legado de Juana María de Vega na que esta galega singular recupera voz propia, ao tempo que falan tamén en primeira persoa cidades como A Coruña e Londres, así coma outros enclaves nos que se desenvolveu a súa vida. Entre outra documentación, o texto parte das memorias que Juana de Vega deixou escritas, nas que narra parte da súa historia, e complementan as súas accións en defensa das liberdades coas xustificacións desa loita para conseguir amosar que as batallas polas causas perdidas son semente de futuro.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-9151-900-3

15,15 €



**Sabela Hermida**

## María Casares fronte ao espello

Galega. Actriz. Un mito do cine francés. Neste libro, a tamén actriz galega Sabela Hermida aborda a figura e o legado de María Casares e fai unha retrospectiva da biografía, da evolución artística e da súa concepción da arte dramática, influenciada en gran medida pola corrente existencialista francesa e pola experiencia do exilio. Nacida na Coruña en 1922 e falecida en Alloué, Francia, en 1996, María Casares atopou no teatro unha patria eterna e universal. A importancia do seu legado artístico e filosófico é sobresaliente sobre todo para o teatro do exilio, xa que se converte nun referente para as vangardas da época e nunha auténtica icona para a intelectualidade republicana e galeguista exiliada en Latinoamérica.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1110-144-8

18,53 €



**Inma Otero**

## A materialidade das fillas de Lupa


**Obxectos ficcionais femininos na narrativa galega**

Nos últimos anos conséntase un incremento das narracións que se centran no devir dos personaxes e, sobre todo, das personaxes, fronte a outro tipo de tramas. Dentro das propiedades das que emerxen as protagonistas ten especial relevancia a de xénero. Desde o punto de vista da ontoloxía da arte e do novo realismo analízanse nesta obra os tipos de obxectos ficcionais femininos que aparecen na narrativa galega do século XXI e as inscricións das que xorden, desde a convicción de que as personaxes, tamén os personaxes, existen.

Xerais Rústica 17 x 24 cm 152 páxinas

ISBN: 978-84-1110-171-4

18,95 €



**Plutarco**


## Escritos sobre as mulleres

O único papel que se lles recoñecía ás mulleres no mundo antigo era o que desenvolvían dentro da casa. No medio deste panorama no que a lei lexitimaba a inferioridade da muller, Plutarco dálle un papel importante nalgunhas das súas obras, considera conveniente o seu acceso á educación, aconsella a súa participación en ámbitos non tradicionais e recoñece nela calidades que para o común da xente eran exclusivas dos homes. Este volume recolle tres tratados que forman parte das *Obras morais: Preceptos matrimoniais, Excelencia das mulleres e Máximas de mulleres espartanas*. Tradución do grego clásico, introdución e notas de María Teresa Amado.

Rinoceronte Rústica 14,5 x 22 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-17388-80-5

15,20 €



**Lorena López López**

## Ainda invisíbeis?

**Narradoras e margens na literatura galega contemporánea**

Como indica no seu prólogo Helena González, "Lorena López, no que já foi tese e agora é libro, percorre a obra de [Margarita] Ledo, [Patricia] Janeiro, [Cris] Pavón e [Teresa] Moure para verificar que no *ponto cego* há modelos ficcionais, personagens marcadas pela sexualidade e pelo género, representações da nação e concepções autorais que dialogam com as práticas de resistência cultural deste presente. Nenhuma escritora é igual à outra e, no entanto, todas compartilham un foco claro na ideoloxía e na forma literaria".

Através Capa mole 16,5 x 23,5 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-16545-71-1

15,20 €



**VV AA**

## Mulleres imprescindibles

**Educadoras na vangarda do século XX**

Esta obra pon de relevo o protagonismo dalgunhas das mulleres máis importantes da recente historia educativa. Rosa Sensat, María Barbeito, María de Maeztu, María Luísa Navarro, María Sánchez Arbós, Justa Freire, Elbira Zipitúa, Marta Mata e Carme Miquel son grandes referentes educativos do "século da infancia". Con textos de Joan Soler Mata, Ana Romero Massiá, Raquel Vázquez Ramil, Víctor Juan, Miel Anjel Elustondo, María del Mar del Pozo Andrés, Núria Simó Gil e Carmen Agulló. Coordinan Antón Costa e Manuela Rodríguez. A tradución é de Isabel Soto.

Kalandraka Rústica 15 x 21,5 cm 224 páxinas

ISBN: 978-84-1343-139-0

18,05 €



**Daniela Ferrández Pérez**

## A defunción dos sexos

**Disidentes sexuais na Galiza contemporánea**

Libro divulgativo que recompila historias e memorias de persoas que viviron alén da norma sexual na Galiza dos últimos cento cincuenta anos. A través de fontes de arquivo e xornalísticas reflexiónase sobre algúns dos itinerarios que estas persoas tiveron que percorrer e o seu enfrontamento co xugo dunha sexualidade obrigatoria que as condenaba ás marxes e ao ostracismo. Persoas perseguidas, aceptadas, toleradas ou reprimidas. Vidas, a fin de contas, necesarias para unha reflexión actual e colectiva sobre o pasado, o presente e o futuro das disidencias sexuais.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 216 páxinas

ISBN: 978-84-1110-120-2

17,57 €



# Francisco Rodríguez



Foto: Eduardo Castro Bal

Obra que pretende superar a visión limitada, parcial e sesgada sobre unha etapa dourada de Galicia que vai dende o século VIII ata a primeira metade do XIV. "Unha das nosas intencións fundamentais –di Francisco Rodríguez– foi revelar feitos agochados, esclarecer mellor sucesos coñecidos e explicar o seu sentido, a súa orientación no contexto no que se produciron, e algunhas veces tamén como determinaron o noso futuro".



## Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza

Tomo I | A relevancia do reino galego medieval

AS-PG Cartonado  
16,5 x 22 cm 540 páxinas  
ISBN: 978-84-949659-4-4  
25,65 €

## Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza


Tomo II | Un Reino con clase dirixente

Neste Tomo II analízase, desde a perspectiva galega, das opcións e alternativas das súas clases dirixentes, como o reino foi epicentro dun dos bandos confrontados, o lexitimista ou castrista, fronte aos falsos Trastámara, o seu desenlace e as súas consecuencias, na segunda metade do século XIV. A análise histórica dá así pé a que se manifeste a coherencia que movía as clases dirixentes nun intre tan delicado, a súa estratexia política e os seus obxectivos. O autor afonda en cuestións como a saga dos Castro, en especial en Fernando Ruys de Castro, nesta conxuntura crítica, líder indiscutíbel do movemento castrista contra os Trastámara; debulla aspectos do seu programa como a reunificación con Portugal, a alianza cos burgueses e o importante papel das vilas e cidades na conformación progresiva da conciencia nacional galega.

AS-PG Cartonado 15 x 22 cm 1.112 páxinas

ISBN: 978-84-9659-8-2

37,05 €



Joan Fuster


## Nacionalismo, liberalismo e outros temas

Escolma de artigos e ensaios coa que Edicions Laiovento quere render homenaxe ao escritor valenciano ao se cumprir os cen anos do seu nacemento. En edición e tradución do catalán de Xesús González Gómez, Joan Fuster é autor dunha ampla obra que constitúe unha das creacións intelectuais máis suxestivas non só da literatura catalá, senón do noso tempo. Ademais de ensaísta, foi historiador e un importante crítico literario, malia, como el afirmaba, non ser un especialista, e un excelente, suxectivo e provocador articulista. O núcleo central da súa obra sitúase na tradición do humanismo moral clásico.

Laiovento Rústica  
14 x 21 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-8487-594-9

18 €



Roberto Mera Covas

## Alejandro Viana


Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos

Na Europa ocupada polos nazis, miles de exiliados republicanos españois devían chegar a América para salvar as súas vidas. Entre eles, Alejandro Viana Esperón (Pontereas, 1877 - México DF, 1952), deputado republicano de esquerdas ao que ben se podería alcumar como o Schindler galego. Á fronte de varias organizacións humanitarias, entre elas o Servicio de Evacuación de Refugiados Españoles, Alejandro Viana organizou dende Francia a saída de miles de refuxiados nunha trintena de expedicións marítimas a distintos países de América, na súa maioría a México.

Belagua Rústica  
14,5 x 22 cm 260 páxinas

ISBN: 978-84-121433-8-6

19 €



Xurxo Martínez González

## Querida Liberdade

Vida e obra dun precursor do Rexurdimento. Antolín Faraldo

Antolín Faraldo (Betanzos, 1822-Granada, 1853) simboliza a voz dunha xeración, a dos Provincialistas, que iniciaron o vello cara ao autogoberno. Faraldo puxo sobre a mesa debates enormemente actuais: o feminismo, o suicidio, a separación da Igrexa-Estado, a conformación histórica da identidade, a idea de nación, a liberdade de opinión ou o vangardismo literario, entre outros. O libro contén un amplo estudo introdutorio de Xurxo Martínez González estruturado en breves epígrafes e cunha clara vontade didáctica. Tras el, unha completa antoloxía con 45 artigos de Faraldo.

Alvarellos Cartonado  
13 x 20,5 cm 420 páxinas

ISBN: 978-84-18567-17-9

22,80 €



Victorino Pérez Prieto

## A unidade e a harmonía da realidade

Complexidade e ecoloxía

Diálogo aberto co mundo da ciencia e do pensamento que avanza unha nova maneira de situarse como persoa e comunidade cren-te-relixiosa dentro da realidade. Un ensaio apaixonado que fala de ciencia, física, filosofía, teoloxía, mística, natureza, de creación e do lugar que a persoa ocupa.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-9151-828-0

20,95 €



Xesús Rábade Paredes

## A luz co tempo dentro


"A luz co tempo dentro pode lerse como un constante balanceo entre dúas realidades que interpelean e que nos mobilizan. A pulsión e revelación da existencia, por un lado. Polo outro, a poderosa sede de plasmarse e autorrealizarse nos planos da ficción. Sempre máis próximo da terra que se pisa que da entelequia de ceos arelados, o autor é consciente de que unha elevada porcentaxe da xente apenas pode satisfacer a fame, collida na cadea de patróns invisibles, de estafadores que ninguén controla, de escravistas sen freo e de negreiros que a axeonllan e a atan á ruína". Texto da contracapa.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-9151-838-9

15 €





**Gaston Dorren**


## Lingo

Sesenta curiosidades arredor da diversidade lingüística europea que combinan historia, cultura e lingüística. Entre elas, como ao francés, aparentemente tan maduro, o move realmente unha fixación pola súa nai ou que o alemán –contra o que cabería agardar– non se espallou por Europa a punta de pistola. Explora tamén a estraña natureza democrática do noruegués, as tendencias zigzagueantes do neerlandés no tocante ao xénero, as sangrentas batallas libradas por culpa do grego e os orfos lingüísticos dos Balcáns. E, afastándose aínda máis dos camiños trillados, fala das antigas reliquias do lituano, o snobismo do sorbio e os desconcertantes xiros do éuscaro. En tradución do inglés de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica  
13,5 x 21,5 cm 282 páxinas

ISBN: 978-84-17388-83-6

21,85 €



**VV AA**

## Galicia-América

**Cantos de emigración e exilio (1875-1951)**


